Estamento de Clubs:

1.- A.C.D. Albatros
(Representa: D. Miguel Ángel Reboredo Otero)
2.- Club de Ajedrez Escola Padrón
(Representa: D. Antonio Espiñeira Cajaraville)
3.- Club de Iniciativas Deportivas Universitarias
(Representa: D. Daniel Codesido Sánchez).
4.- Club de Xadrez Infortui
(Representa: D. Miguel Visconti Vaamonde)
5.- Club de Xadrez Laroca
(Representa: D. Jose M. Fernández Rodríguez)
6.- Club de Xadrez O Toque Xiria Carballo
(Representa: D. Javier Teixeira Pazos)
7.- Club Xadrez Arteixo
(Representa: D. Óscar B. De Prado Rodríguez)
8.- Club Xadrez Fontecarmoa
(Representa: D. Manuel Suárez Vallejo)
9.- Club Xadrez Mos
(Representa: D. César Pérez Novás)
10.- Escola Xadrez Sigrás
(Representa: D. Francisco Pedreira Giralda)
11.- TDFC
(Representa: D. Javier I. Mazaira Alba)

Estamento de Deportistas:

12.- D. Brais Otero Nogueira
13.- D. Carlos A. Reboredo Otero
14.- D. Jose Mª Dorado Reboredo
15.- Dª. Myriam Gómez Andrés
16.- D. Pablo Castro Girona

Estamento de Árbitros

17.- D. Evaristo Rodríguez López

Membros da Xunta Directiva:

18.- D. Gaspar Pérez Carnero (Presidente)

En Vigo, sendo ás 11:00 horas do 28 de Outubro de 2023, en segunda convocatoria, e coa asistencia dos asembleístas citados na marxe, e cá presencia do Sr. Presidente da Federación Galega de Xadrez celébrase a Asemblea Xeral Extraordinaria da FEGAXA, coa seguinte

Orde do Día:

1. Orzamento 2024. Aprobación, se procede.
2. Presentación informe auditoría das contas 2022. Aprobación da corrección de erros.
3. Proxecto e calendario deportivo competicións 2024. Aprobación, se procede.
4. Proxecto Liga 2024. Aprobación, se procede.
5. Proxecto Liga 2025. Aprobación, se procede.
6. Regulamento Xeral de Competicións: modificacións. Aprobación, se procede.

Pubricada previamente na páxina web da Federación (www.fegaxa.org), iníciase a mesma seguindo os puntos da orde do día.

Así mesmo, entrégase copia dos documentos aos asistentes.

Intervén como moderador D. Ángel Francisco Vilas Fernández (Vpte. FEGAXA).

1. **Orzamento 2024. Aprobación, se procede.**

Pubricada na web federativa con anterioridade o orzamento 2024. O Sr. Presidente explica aos asistentes os diferentes programas e o seu orzamento.

Pregúntase se hai alguna dúbida ou cuestión ao respecto. Non habendo, pásase á votación:

A Favor: 14
En Contra: 0
Abstencións: 0
Ausencias: 4

Anexo I – Orzamento 2024.

XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
PRESIDENCIA

2. **Presentación informe auditoría das contas 2022. Aprobación da corrección de erros.**

Tal e como indica a orde do 15 de Marzo de 2023 pubricada no DOG, a Federación Galega de Xadrez foi unha das federacións deportivas que tiveron que presentar informe de auditoría das contas anuais do 2022.
A empresa auditora elexida pola Secretaría Xeral para o deporte foi Auren Auditores SP, S.L.P.
Para dar cumprimento á disposición adicional segunda do RD 1491/2011 do 24 de Outubro, tívose que realizar unhas pequenas modicacións na memoria das contas anuais:

1. Na páxina 4, na columna na que se indican as cifras do 2022, o exercicio está incompleto figura 202 en lugar de 2022.
2. Tanto no balance como na conta de resultados faltaría por introducir unha columna cá referencia ás notas da memoria
3. Na nota 1 non estaría de máis, indicar que sodes entidade de utilidade pública e a data desta declaración.
4. Na nota 3.5 non se ten en conta a modificación da lei 1/2021 do 12 de xaneiro pola que, entre outras cousas, modifícase a clasificación de activos e pasivos financeiros e a definición dos mesmos. Neste sentido xa non poríamos falar de débitos e partidas a pagar, préstamos e contas a cobrar, créditos….cambia a clasificación e algunhas das definicións.
5. Nas notas 8 e 9 non amosa información comparativa (información 2021)
6. O primer cadro da páxina 16 conten cifras do 2021 e non do 2022
7. No anexo no que se indican os movementos do inmovilizado, non se fai referencia á amortización acumulada.
8. Non se proporciona información requerida pola disposición adicional segunda do RD 1491/2011 do 24 de outubro. Información relativa á actividade da entidade, aplicación de elementos patrimoniales a fines propios.

Non habendo ninguna pregunta ao repecto, pásase á votación:

A Favor: 15
En Contra: 0
Abstencións: 0
Ausencias: 3

3. **Proxecto e calendario deportivo competicións 2024. Aprobación, se procede.**

D. Pablo Castro Girona solicita aos asistentes modificar a denominación da Copa Galicia por Equipos de Club por "Campionato Galego por equipos de Club". Non habendo ninguna obxección, vótase a proposta:

A Favor: 15
En Contra: 0
Abstencións: 1
Ausencias: 2

Atendendo ao resultado, a Copa Galicia pasará a chamarse "Campionato Galego por Equipos de Club".
Non habendo máis solicitudes nin dúbidas ao respecto, lévase a cabo a votación para a aprobación do Proxecto e Calendario Deportivo 2024:

A Favor: 16
En Contra: 0
Abstencións: 0
Ausencias: 2

Anexo II Proxecto deportivo 2024 e Anexo III Calendario deportivo 2024.

XUNTA DE GALICIA REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE PRESIDENCIA

4. **Proxecto Liga 2024. Aprobación, se procede** e punto 5 **Proxecto Liga 2025, aprobación se procede.**

Atendendo ao aprobado na anterior Asemblea celebrada no mes de Xuño, preséntase o Proxecto da Liga Galega para o 2024 e 2025.

D. Jose María Dorado Reboredo propón que se descendera 1 equipo por grupo de Segunda División a Terceira no 2024 para evitar a desvirtualización da competición. Pero con esa modificación terían que ascender 26 equipos da Terceira División.

A proposta non a respalda ninguén máis, polo que non se ten en conta para o Proxecto presentado:

LIGA 2024

DIV. HONOR 1 grupo 12 equipos 6 tableros		Descensos a PREFERENTE **4** 9º, 10º, 11º, 12º
1ª DIVISIÓN 4 grupos 48 equipos 4 tableros	Ascensos a Div.Honor **4** 1º de cada grupo Ascensos a Preferente **16** (2º a 5º de cada grupo)	Descensos a 2ª DIVISIÓN **4** 12º de cada grupo
2ª DIVISIÓN 6 grupos 72 equipos 4 tableros	Ascensos a 1ª DIVISIÓN **24** 4 de cada grupo	Descensos a 3ª DIVISIÓN **0**
3ª DIVISIÓN x grupos x equipos 4 tableros	Ascensos a 2ª DIVISIÓN **20** distribuir x grupos	

LIGA 2025

(Composición Liga a partir do 2025)

Composición só 2025

DIV. HONOR 1 grupo 12 equipos 6 tableros	Descensos a PREFERENTE **3** 10º, 11º, 12º	12 8 equipos de DH 4 equipos ascenso 1ª
PREFERENTE 2 grupos 20 equipos 6 tableros	Ascensos a Div.Honor **3** 1º - promoción 2º	Descensos a 1ª DIVISIÓN **4** 9º, 10º de cada grupo
		20 4 equipos descenso DH.

XUNTA DE GALICIA · REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA · SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE · PRESIDENCIA

1ª DIVISIÓN 4 grupos 48 equipos 4 tableros	Ascensos a Preferente **4** 1º de cada grupo	Descensos a 2ª DIVISIÓN **12** 10º, 11º e 12º de cada grupo	48 24 equipos de 1ª (6º a 11ª de cada grupo) 24 equipos ascenso 2ª. (1º a 4º de cada grupo)
2ª DIVISIÓN 6 grupos 72 equipos 4 tableros	Ascensos a 1ª DIVISIÓN **12** 1º e 2º de cada grupo	Descensos a 3ª DIVISIÓN **12** 11º e 12º de cada grupo	72 48 equipos de 2ª (5º a 12ª de cada grupo) 4 equipos descenso 1ª. 20 equipos ascenso 3ª
3ª DIVISIÓN	Ascensos **12**		Grupos por proximidad

D. Javier I. Mazaira Alba expón que poderíase dar o caso dalgún dos equipos implicados nos ascensos a Preferente de Primeira (2º ao 5º clasificado) que rechacen o ascenso, ¿cómo se actuaría? ¿En qué momento terían preferencia os equipos de Segunda División antes dos equipos de Primeira División para ascender a Preferente?

Os asistentes plantean en limitar ata o 9º clasificado de cada grupo de Primeira División para optar á vacante de Preferente e, se non se atopa equipo interesado, comezaríase cós equipos de Segunda División. Os equipos seleccionaríanse por porcentaxe de puntos.

Por exemplo: se un equipo de Primeira División renuncia a ascender a Preferente, colleríanse aos 6º clasificados dos 3 grupos e o 6º equipo con mellor porcentaxe de puntos optaría a esa vacante. Se tamén renunciara, colleríase ao 2º 6º clasificado con mellor porcentaxe de puntos, e así sucesivamente cós 7º, 8º e 9º clasificados.

A Promoción de Preferente a División de Honra: a xornada de ida levaríase a cabo no local de xogo do equipo que obtivo menor puntuación na clasificación final, e a xornada de volta no local de xogo do equipo con maior puntuación na clasificación final.

Se se dera o caso, coma nesta tempada, que un dos equipos da promoción non pode ascender a División de Honra por ter un equipo filial; aplazaríase o encontro de Promoción do equipo implicado á espera da clasificación final de División de Honra.

En canto as Promocións, como na Tempada 2024 non hai promocións, realizaríase un estudio dos posibles casos e levaríase á Asemblea do 2024 para a súa aprobación e modificacións/actualizacións do Regulamento Xeral de Competicións.

D. Evaristo Rodríguez López propón aumentar o número de equipos que ascenda, para esta tempada 2024, máis dun equipo de Primeira a Preferente e descendendo 3 equipos de cada grupo de Preferente. Así ascenderían os dous mellores segundos clasificados de Primeira División a maiores.

Debátese o tema entre os asistentes e exponen que ao limitar un só equipo por Club na categoría de Preferente, haberá máis opción de que ascendan outros equipos de Primeira División.

D Pablo Castro Girona pregunta se se vai tratar o tema do taboleiro xuvenil e feminino para a tempada 2025 deixando tempo aos clubes para que se organicen.

Como a modificación da estructura da Liga xa é complexo, déixase esa proposición para outra ocasión.

XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
PRESIDENCIA

Non habendo máis dúbidas, pásase á votación de aprobación dos Proxectos Liga 2024 e 2025:

A Favor: 17

En Contra: 0

Abstencións: 1

Ausencias: 0

D. Pablo Castro Girona deixa constancia en acta que a Escola Luguesa abstense xa que considera importante tratar o tema do taboleiro feminino e xuvenil.

6. **Regulamento Xeral de Competicións: modificacións. Aprobación, se procede.**

Na última reunión da Xunta Directiva aprobouse a supresión da categoría Cadete e realizar, no seu lugar, a modalidade Blitz ou Lóstrego. Por elo, preséntase a actualización do Título IX – Campionato Galego por Equipos de Club. Artigo 63. (**Anexo IV**).

Tras a aprobación da modificación da estructura da Liga Galega para o 2025, solicítase a actualización do Regulamento Xeral de Competicións – Título VIII: Liga Galega por equipos de Club. Artigo 62. (**Anexo V**).

Tamén preséntase unhas melloras do Artigo 62 por parte do Club Mosefesa & The Wailers que habería que ter en conta para eliminar erros, inexactitudes e incongruencias (**Anexo VI**).

A Favor: 17

En Contra: 0

Abstencións: 0

Ausencias: 1

Ao non haber nada máis que tratar, levántase a sesión ás 14:20 horas.

Vº e prace:

Dª Raquel Calleja Modia
Secretaria FEGAXA

D. Gaspar Pérez Carnero
Presidente FEGAXA

FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ **ANO 2024**

ORZAMENTO DETALLADO POR PROGRAMAS.			
	GASTOS	**ORZAMENTO**	
P.1.-	**GASTOS XERAIS DE FUNCIONAMENTO.**	**35.000,00 €**	26,02%
1.-	Gastos de persoal.	28.500,00 €	
1.1.	Persoal administrativo,Seguridade Social, IRPF.	22.000,00 €	
1.2.	Asembleas,xuntas directivas,comisións delegadas e outras.	2.000,00 €	
1.3.	Dietas de directivos,administrativos,técnicos e outros.	4.500,00 €	
2.-	Gastos en bens correntes e servizos.	6.500,00 €	
2.1.	Correos e mensaxería.	400,00 €	
2.2.	Material de oficina.	900,00 €	
2.3.	Xestións páxina web e programas informáticos.	200,00 €	
2.4.	Telefono e internet.	800,00 €	
2.5.	Gastos de asesoría.	2.500,00 €	
2.6.	Gastos financieiros.	200,00 €	
2.7.	Primas de seguros.	900,00 €	
2.8.	Gastos de auditoría.	0,00 €	
2.9.	Outros gastos.	600,00 €	
P.3.-	**CAMPIONATO DE ESPANA DE SELECCIONS CSD.**	**7.000,00 €**	5,20%
1.	Campionatos de España de Seleccións Sub-14, Sub-16.	7.000,00 €	
P.4.-	**ACTIVIDADE DEPORTIVA ORDINARIA.**	**92.500,00 €**	68,77%
1.	Campionatos galegos prebenxamín, infantil e xuvenil.	6.000,00 €	
2.	Campionatos galegos benxamin,alevin,cadete,absolutos.	15.000,00 €	
3.	Campionato Galego Individual Xadrez Rapido.	600,00 €	
4.	Campionato Galego Individual Xadrez Relampago.	600,00 €	
5.	Campionatos Provinciais.	2.900,00 €	
6.	Liga Galega,programas de xestion deportiva.	35.000,00 €	
7.	Campionato galego por equipos de Club	1.500,00 €	
8.	Circuito Galego Escolar de Promocion.	1.800,00 €	
9.	Circuito Internacional Galego.	6.000,00 €	
10.	Participación deportistas nos Campionatos Internacionais.	900,00 €	
11.	Participación deportistas nos Campionatos de España.	9.000,00 €	
12.	Participación dos clubs nos Campionatos de España.	2.200,00 €	
13.	Participación das Seleccións galegas.	1.000,00 €	
14.	Outras actividades.	500,00 €	
15.	Adestramentos por internet.	6.000,00 €	
16.	Concentracións deportivas.	1.000,00 €	
17.	Outras actividades, fomento e promoción deportiva.	500,00 €	
18.	Cursos de Arbitros.	500,00 €	
19.	Cursos de Monitores-Adestradores.	500,00 €	
20.	Seminario de Arbitros e Adestradores.	500,00 €	
21.	Outros Cursos.	500,00 €	
P.6.-	**OUTROS PROXECTOS DE ESPECIAL RELEVANCIA.**	**0,00 €**	0,00%
	GASTOS TOTAIS :	**134.500,00 €**	

	INGRESOS	**ORZAMENTO**	
1.	Secretaria Xeral para o Deporte	60.000,00 €	44,61%
2.	Licencias individuais e cuotas de entidades Federadas	62.000,00 €	46,10%
3.	Cuotas de inscrición a Cursos e outros.	6.000,00 €	4,46%
4.	Campionatos e torneos.	4.500,00 €	3,35%
5.	Outros ingresos.	2.000,00 €	1,49%
	INGRESOS TOTAIS :	**134.500,00 €**	

XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
PRESIDENCIA

ANEXO II

DEPORTE GALEGO

FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ

PROXECTO DEPORTIVO - 2024

P.2.- ACTIVIDADE DEPORTIVA ORDINARIA.

1. Campionatos galegos prebenxamín, infantil e xuvenil.
2. Campionatos galegos benxamin,alevin,cadete,absolutos.
3. Campionato Galego Individual Xadrez Rápido.
4. Campionato Galego Individual Xadrez Relámpago.
5. Campionatos Provinciais.
6. Liga Galega.
7. Campionato Galego por equipos de Club.
8. Circuito Galego Escolar de Promocion.
9. Circuito Internacional Galego.
10. Participación deportistas nos Campionatos Internacionais.
11. Participación deportistas nos Campionatos de España.
12. Participación dos clubs nos Campionatos de España.
13. Adestramentos por internet.
14. Concentracións deportivas.
15. Cursos de Arbitros.
16. Cursos de Monitores-Adestradores.
17. Seminarios de Arbitros e Adestradores.
18. Outras actividades y torneos..

P.4.- CAMPIONATOS DE ESPAÑA DE SELECCIÓNS AUTONÓMICAS EN IDADE ESCOLAR.

Vigo, a 4 de outubro de 2023

FEGAXA

DEPORTE GALEGO

CALENDARIO DEPORTIVO TEMPADA 2024
FEDERACION GALEGA DE XADREZ

CAMPIONATOS PROVINCIAIS :

CATEGORIA	RITMO MÍNIMO	DATAS:
Absoluto	1 hora por xogador	Entre : 06/01/2024 e o 04/02/2024
Sub-18	1 hora por xogador	
Sub-16	45 minutos por xogador	

CATEGORIA	RITMO MÍNIMO	DATAS:
Sub-14	45 minutos por xogador	Entre : 06/01/2024 e o 04/02/2024
Sub-12	30 minutos por xogador	
Sub-8 / 10	30 minutos por xogador	

CAMPIONATOS GALEGOS :

CAMPIONATO GALEGO SUB-8	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	12:00 h.	10/02/2024	Sábado
30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	16:00 h.	4ª rolda	18:30 h	10/02/2024	Sábado
	5ª rolda	10:00 h.	6ª rolda	12:00 h.	11/02/2024	Domingo
	7ª rolda	16:00 h.	8ª rolda	18:30 h	11/02/2024	Domingo
CAMPIONATO GALEGO SUB-14 E SUB-18	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	17:00 h.	10/02/2024	Sábado
1 h. 30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	10:00 h.	4ª rolda	17:00 h.	11/02/2024	Domingo
	5ª rolda	10:00 h.	6ª rolda	17:00 h.	12/02/2024	Luns
	7ª rolda	09:30 h.	8ª rolda	16:00 h.	13/02/2024	Martes
CAMPIONATO GALEGO SUB-10	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	16:00 h.	23/03/2024	Sábado
60 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	18:30 h.			23/03/2024	Sábado
	4ª rolda	10:00 h.	5ª rolda	16:00 h.	24/03/2024	Domingo
	6ª rolda	18:30 h.			24/03/2024	Domingo
	7ª rolda	10:00 h.	8ª rolda	16:00 h	25/03/2024	Luns
CAMPIONATO GALEGO SUB-12	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	16:00 h.	23/03/2024	Sábado
60 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	18:30 h.			23/03/2024	Sábado
	4ª rolda	10:00 h.	5ª rolda	16:00 h.	24/03/2024	Domingo
	6ª rolda	18:30 h.			24/03/2024	Domingo
	7ª rolda	10:00 h.	8ª rolda	16:00 h.	25/03/2024	Luns
CAMPIONATO GALEGO SUB-16	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	17:00 h.	23/03/2024	Sábado
1 h. 30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	10:00 h.	4ª rolda	17:00 h.	24/03/2024	Domingo
	5ª rolda	10:00 h.	6ª rolda	17:00 h.	25/03/2024	Luns
	7ª rolda	09:30 h.	8ª rolda	16:00 h.	26/03/2024	Martes

CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO, FEMININO, VETERANOS	1ª rolda	10:00 h.	28/03/2024	Xoves
1 h. 30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	2ª rolda	17:00 h.	28/03/2024	Xoves
	3ª rolda	10:00 h.	29/03/2024	Venres
	4ª rolda	17:00 h.	29/03/2024	Venres
	5ª rolda	10:00 h.	30/03/2024	Sábado
	6ª rolda	17:00 h.	30/03/2024	Sábado
	7ª rolda	09:30 h.	31/03/2024	Domingo
Posibilidade de aumentar/suprimir algunha rolda según nº de inscritos.	8ª rolda	16:00 h.	31/03/2024	Domingo
Si o nº de inscritos nos campionatos feminino e veterano non e igual ou superior a 20, xogarán integrados no campionato absoluto.				

LIGA GALEGA POR EQUIPOS:

90 min. + 30 seg/xogada en División de Honra, 1ª División e 2ª División.

3ª División xogarán 60' + 30"/xogada

Descanso do 23/03/24 ao 30/03/24

(Semana Santa)

ROLDAS	DATAS
1ª	17/02/2024
2ª	24/02/2024
3ª	02/03/2024
4ª	09/03/2024
5ª	16/03/2024
6ª	06/04/2024

Hora comenzo: 17:00 h.-

ROLDAS	DATAS
7ª	13/04/2024
8ª	20/04/2024
9ª	27/04/2024
10ª	04/05/2024
11	11/05/2024

CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS DE CLUB	25 e 26 Maio 2024	Blitz / Rápido

CAMPIONATOS GALEGOS LÓSTREGO e RAPIDAS: 01 e 02 Xuño 2024.

XXXIV CIRCUITO INTERNACIONAL GALEGO DE XADREZ: Meses de xuño a setembro.

XVI CIRCUITO GALEGO DE PROMOCIÓN: Meses de maio a novembro.

XUNTA DE GALICIA · REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA · SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE · PRESIDENCIA

TITULO IX - CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS DE CLUB.

Artígo 63º.

Pode ter denominación complementaria de patrocinador oú únicamente como Campionato Galego.

1. Participantes.

Poderán participar nesta competición todos os equipos de clubs galegos, que teñan tramitada a ficha federativa correspondente á tempada da competición do calendario.
O número de equipos participantes verá determinado polas características do local de xogo. Se se limitara o número de equipos participantes, cada club deberá presentar os equipos indicando a prioridade de cada un.
Todo club participante nesta competición, terá unha praza garantizada sempre e cando cumpra o regulamento correspondente.
Cada club poderá presentar tantos equipos como desexe, sempre que o local de xogo o permita e cada un dos seus xogadores e xogadoras, ademais de ter tramitada a ficha federativa individual con ese club, non forme parte, da orden de forza doutro equipo participante.
Queda excluída por tanto a posibilidade de formar equipos con membros de dous ou mais clubs.
Un xogador ou xogadora formará parte dun equipo dende o momento no que o seu club presente o orde de forza dese equipo para a competición
Por tanto queda expresamente prohibido o traspaso de xogadores e xogadoras entre equipos dun mesmo club.

2. Equipos.

Cada equipo estará formado por un mínimo de 6 xogadores e un máximo de 12, dos que 4 xogarán cada enfrontamento, quedando os restantes como suplentes para ese enfrontamento.
Esta aliñación pode variar en cada enfrontamento, podendo aliñear calquera combinación de 4 xogadores dentro da lista presentada.
Os catro xogadores ou xogadoras respetarán en todo momento o orde de forza entregado na inscrición, sendo este válido durante toda a competición. Este orde de forza consiste nunha lista numerada e ordenada de xogadores e xogadoras e indica en que taboleiro se sentará cada un ou cada unha fronte aos seus rivais.
O orde de forza non debe alterarse en ningún momento, dado que ante calquera incidencia están previstos un mínimo de dous suplentes. Non se admitirá ningún retraso nin aprazamento por non estar presentes na sala de xogo no momento de presentarse a incidencia que motive a súa intervención.
O equipo que non logre aliñar 4 persoas, quedará automaticamente eliminado, sendo proposto para sanción por parte do comité de competición da FEGAXA.

3. Sistema de xogo:

A organización da competición terá lugar na sala proposta polo organizador ou a federación.

XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
PRESIDENCIA

O sistema de competición sería neste caso, preferentemente por sistema suizo, similar aos Campionatos de España de clubs có ritmo de xogo determinado nas bases da convocatoria.
En caso de ser 8 equipos ou menos xogaríase un round robin por equipos.
Para o sistema de desempate teríase en conta o seguinte:

- Para torneos disputados por sistema suizo por equipos:
  1º- Puntos de partida, se a clasificación realízase por puntos de encontro.
  2º- Puntos de encontro, se a clasificación realízase por puntos de partida.
  3º- Resultado particular, cando todos os equipos empatados xogaran entre eles, basado no mismo valor que o primer sistema de clasificación.
  4º- Sistema Buchholz, basado no mesmo valor que o primer sistema de clasificación.
  5º- Sonneborn-Berger para Campionatos por equipos.
  6º- Se continúa o empate cada equipo elexirá a un representante e disputarán unha partida de xadrez rápido, sorteando a cor, a 6 minutos do xogador de brancas contra cinco minutos do xogador de negras.

- Para torneos disputados por sistema liga (máximo 8 equipos):
  1º- Puntos de partida, se a clasificación realízase por puntos de encontro.
  2º- Puntos de encontro, se a clasificación realízase por puntos de partida.
  3º- Resultado particular.
  4º- Sonneborn-Berger para Campionatos por equipos.
  5º- Se continúa o empate cada equipo elexirá a un representante e disputarán unha partida de xadrez rápido, sorteando a cor, a 6 minutos do xogador de blancas contra cinco minutos do xogador de negras, o ritmo de xogo con incremento equivalente. En caso de taboas declararase vencedor ao xogador de negras. O resultado da partida decidirá o desempate.

O sistema de desempate a aplicar sería neste último caso o que figura no regulamento da liga galega por equipos de club.

4. Disposición Adicional.

O que non esté contemplado neste regulamento, regularase polos regulamentos de competicións oficias da FEDA e FIDE, en último caso.

TITULO VIII - LIGA GALEGA POR EQUIPOS DE CLUB.

Artígo 62º.

1. COMPOSICIÓN DA LIGA.

1.2. Distribución por categorías e grupos de maior a menor:

a) División de Honra. Un grupo. 12 equipos.
b) **Preferente. Dous grupos. 10 equipos en cada grupo.**
c) Primeira. Catro grupos. 12 equipos en cada grupo.
d) Segunda. Seis grupos. 12 equipos en cada grupo.
e) Terceira. Tantos grupos, de nº de equipos variable, como sexan necesarios.
f) Cuarta. De carácter voluntario, sen existir posibilidade de ascensos nin descensos, e cós grupos que fose necesario.

1.3. Os grupos formaranse por proximidade xeográfica, **tanto como sexa posible**, para conseguir os mínimos desprazamentos en cada categoría, así como nas fases de ascenso - descenso, fases previas e finais no caso de que as houbese.

1.4. **Só pode haber un equipo dun mesmo club nas categorías de División de Honra e Preferente**. Na Primeira e Segunda poden coincidir no mesmo grupo un máximo de dous equipos do mesmo club, enfrentándose entre eles na primeira rolda. En Terceira División os equipos do mesmo club enfrentaránse**, dentro do posible,** entre eles nas primeiras roldas**. Nesta categoría**, poden coincidir os equipos necesarios do mesmo club si non existen posibilidades de repartilos en distintos grupos por proximidade.

1.6. A cuarta división é de promoción e non competitiva, sen ascensos nin descensos. Só se poderán inscribir xogadores/as sen elo e menores de **16 anos** a data 01 de Xaneiro da tempada actual.

2. ASCENSOS E DESCENSOS.

2.1. Ascensos e descensos entre as categorías de División de Honra e Preferente:
Descenden de División de Honra a Preferente automaticamente os tres últimos clasificados (10º, 11º e 12º) e ascenden para cubrir estes postos os tres mellores equipos ascendibles da categoría de preferente.

2.2. Ascensos e descensos entre as categorías de Preferente e Primeira:
Descenden de Preferente automaticamente os dous últimos clasificados (11º e 12º) de cada grupo e ascenden para cubrir estes postos os primeiros clasificados de cada grupo da categoría de Primeira.

2.3. Ascensos e descensos entre as categorías de Primeira e Segunda:

Descenden de Primeira automaticamente os tres últimos clasificados (10º, 11º e 12º) e ascenden para cubrir estes postos o primeiro e segundo clasificado de cada grupo de Segunda.

2.4. Ascensos e descensos entre as categorías de Segunda e Terceira:
Descenden de Segunda automaticamente os dous últimos clasificados (11º e 12º) de cada grupo e ascenden para cubrir estes postos 12 equipos.
En todo caso os sistemas de ascenso de terceira quedarán definidos pola FEGAXA antes do comezo da Liga, con promocións ou de forma directa con

XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
PRESIDENCIA

prazas asinadas os grupos si existen grupos muy descompensados en numero de clubs e equipos.

2.5. Se ascenden directamente dous ou máis equipos dun mesmo club que militen na mesma categoría creándose unha incompatibilidade co artigo 1.4. só ascenderá de categoría o do grupo que obteña o maior porcentaxe de puntos.

2.6. Se nas fases de ascenso - descenso entre categorías producísense prazas vacantes por calquera incompatibilidade cos apartados deste artigo 1.4., 2.1., 2.2.e 2.3. deste regulamento, collerase para participar na fase de ascenso - descenso por orde de clasificación do grupo no que se produce a incompatibilidade.

2.7. Se houbese algunha renuncia no período de inscrición de equipos a participar na L.G.E.C., o/os equipo/s que teñen dereito á/s praza/s vacante/s será/n os equipos mellor clasificados dos descendidos en cada grupo con vacantes. De ser necesario cubrir prazas con equipos descendidos de outros grupos, asinaranse as prazas entre os descendidos por mellor posto de clasificación en primeiro lugar e maior porcentaxe de puntos en segundo lugar.

2.8. Un equipo sempre poderá inscribirse nunha categoría inferior á que perteneza. Neste caso, o equipo que cubra a súa praza elixirase polos mesmos criterios que en 2.6.

2.9. Se un equipo que obtivo praza de ascenso renunciase a un ascenso de categoría, mantería a súa categoría actual e o equipo que ascende sería o seguinte clasificado do seu grupo, ata cubrir a praza vacante.

3. COMPOSICION DOS EQUIPOS.

3.1. Os equipos de categorías División de Honra e Preferente estarán formados cun mínimo de nove xogadores.

3.2. Os equipos de Primeira e inferior categoría estarán formados cun mínimo de seis xogadores.

3.4. Todo xogador participante na L.G.E.C. deberá estar alineado nun equipo antes da rolda a celebrar, respetando o prazo estipulado pola FEGAXA e sempre tendo en conta o prazo máximo de alineación de xogadores mencionado no apartado 3.7.

3.5. Non se permitirá o cambio de xogadores entre Clubs unha vez finalizado o período de afiliación que establecerá a FEGAXA a través de circular. Un xogador/a non poderá participar na liga galega con outro club, ainda que non xogase. O Club, **unha vez comezada a L.G.E.C.**, que ten a baixa federativa dun xogador/a poderá alinear nese equipo a outro/a para suplir a baixa, sempre e cando non modifique o orde de forza inicial e se realice dentro dos prazos regulamentarios. Todo xogador/a que dispute a lo menos un encontro da liga galega non poderá obter a baixa federativa ata a finalización da mesma.

Os equipos participantes na L.G.E.C. non poderán alinear xogadores que participaron noutras Ligas Autonómicas, na mesma tempada.

3.6. Dentro dun mesmo club non se permitirá o transvasamento de xogadores de categoría superior a categorías inferiores, nin entre categorías iguais. **Por exemplo, se @ xogador/a ascende a un equipo de 2ª división, non poderá alinearse noutro equipo pertencente a 2ª división, aínda que sexa do mesmo club.**

3.8. Unha vez finalizado o período de notificación das ordes de forza definitivas que establecerá a FEGAXA a través de circular, non se permitirá a alteración das mesmas.

3.9. Un club pode transvasar, **ata un máximo de 3 veces**, ao longo de todas as roldas xogadores dun equipo de inferior categoría a un de categoría superior, engadíndose co número de orde seguinte ao que xa exista **provisionalmente**.

Non se aplicará o número de ascensos a xogadores con Elo FIDE igual ou inferior a 1600 puntos a data 01 de Xaneiro da tempada actual.

Pódese ascender a un xogador coa posibilidade de regresar ao equipo do que foi ascendido co mesmo número de orde de forza que ocupaba, coas seguintes limitacións:

a) O xogador ascendido **alinearase provisionalmente** có seguinte número de orde de forza existente no equipo de superior categoría, aínda que posteriormente regrese ao filial.

Se na mesma rolda ascenden dous xogadores do mesmo equipo por primeira vez, a súa orde virá dado pola orde de forza no equipo filial. Se os xogadores son de diferentes equipos, a orden virá establecida pola categoría e taboleiro.

b) En caso de aliñar para un encontro a máis de dous xogadores procedentes do filial, soamente dous poderán regresar ao mesmo. Quedarán alineados definitivamente o/s primeiro/s xogador/es ascendido/s. **A partir desta situación, poderá ascender a o/s equipo/s de categoría superior (se os houbera) respetando o número máximo de ascensos por xogador.**

Exemplo: ascenden 3 xogadores (M, N e O). Os xogadores N e O serán os que volven ao filial, quedando alineado no equipo da categoría superior o xogador M.

4. SISTEMA E NORMAS DE XOGO.

4.1. O sistema de xogo (...)
Nas promocións, **Play Off** ou en outra calquera fase independente de competicióno sistema de desempate a aplicar sería o sistema holandés áta ás últimas consecuencias.
Calquera norma de xogo que non se contemple neste regulamento estará rexida polo regulamento de competición en vigor da FIDE e da FEDA.

4.2. O número de taboleiros aos que se disputarán os encontros para as categorías de División de Honra **e Preferente** é de seis e para o resto das categorías é de catro, sendo o resultado dos encontros a suma dos puntos de todos os encontros individuais de cada equipo.

4.9. O prazo de presentación de reclamacións dos encontros disputados na L.G.E.C. será dentro dos 4 días seguintes á disputa da rolda.

4.10. Os equipos eliminados por incomparencias reincidentes (atendendo ao estipulado no apartado 4.7), levará unha penalización ao club de non poder dar de alta nesa categoría a ningún equipo na seguinte tempada.

6. ADIANTAMENTO DOS ENCONTROS.

XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
PRESIDENCIA

6.1. O Club que con motivada xustificación desexe aprazar ou adiantar un encontro dalgún dos seus equipos con previo acordo do Club do equipo rival, farano a través de escritos con firma orixinal dos Presidentes e, a entrada no rexistro da FEGAXA producirase cun prazo mínimo de catro días antes da celebración do mesmo e esperarán resposta desta, que o fará como mínimo vintecatro horas antes da hora e día fixados para o encontro no calendario oficial. En devandito escrito figurará a data e hora na que se disputará o encontro. Non se considera xustificación motivada circunstancias persoais dos deportistas, xa que un equipo debe ter o número de xogadores suficientes para cubrir estas incidencias. Se mediase causa repentina e de forza maior, e habendo acordo de ambos os clubs, poderase aprazar ata o mesmo momento de disputa da partida, sen necesidade de esperar resposta da FEGAXA, aínda que deba enviarse o escrito á FEGAXA antes da hora de inicio da rolda. **En ningún caso poderase aprazar un encontro nas dúas últimas roldas.**

4.3 A hora de inicio e o ritmo de xogo establecerao a FEGAXA para todas as categorías e para todo tipo de fases antes do inicio da competición.

4.11 Recoméndase que os Deportistas vaian provistos da súa ficha federativa e mostrala, se así llo solicitasen, ao delegado de equipo ou rival. Nos encontros nos que os houbera ao árbitro e/ou delegado federativo.

5.1 O Club local deberá dispor do local de xogo á hora prevista para o encontro con todo o material preciso para o desenvolvemento e inicio inmediato das partidas, en boas condicións e perfectamente habilitado para o xogo. Os atrasos na apertura ou acondicionamento do local de xogo serán acumulados nos reloxos dos xogadores do equipo local. Se sobre a hora de inicio prevista esta demora excedese os 60 minutos e non se resolvesen estes problemas, o equipo local perderá todas as partidas. Levantarase acta por duplicado dando conta das anomalías que provocaron a situación asinada por todos os xogadores e delegados de ambos equipos.

5.2 O Club local poderá ter unha copia destes regulamentos a disposición de calquera que así o solicite e das circulares nas que haxa instrucións para a L.G.E.C.

5.3 O local de xogo deberá ter unha amplitude suficiente e proporcional ao número de equipos participantes. Tamén deberá ser un espazo libre de fume, con boa luminosidade e ausencia razoable de ruídos.

5.5 Os xogadores que desexen abandonar a sala de xogo deberán avisar, sempre que sexa posible, ao seu delegado de equipo.

5.6 Excepcionalmente, a aqueles equipos que polas súas circunstancias especiais teñan dificultades de desprazamentos ou teñan necesidades especiais no seu local de xogo, e que o soliciten á FEGAXA por escrito, poderá concedérselles xogar todos os seus encontros no seu local de xogo.

6.1 O Club que con motivada xustificación desexe aprazar ou adiantar un encontro dalgún dos seus equipos con previo acordo do Club do equipo rival, faranno a través de correos electrónicos dos Presidentes á FEGAXA e, a entrada no rexistro da mesma, producirase cun prazo mínimo de catro días antes da celebración do mesmo e esperarán resposta desta, que o fará como mínimo vintecatro horas antes da hora e día fixados para o encontro no calendario oficial. En devandito correo electrónico figurará a data e hora na que se disputará o encontro. Non se considera xustificación motivada circunstancias persoais dos deportistas, xa que un equipo debe ter o número de xogadores suficientes para cubrir estas incidencias. Se mediase causa repentina e de forza maior, e habendo acordo de ambos os clubs, poderase aprazar ata o mesmo momento de disputa da partida, sen

XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
PRESIDENCIA

necesidade de esperar resposta da FEGAXA, aínda que deba enviarse o correo electrónico á FEGAXA antes da hora de inicio da rolda. En ningún caso poderase aprazar encontro algún nas dúas últimas roldas.

7.1 Os delegados dos equipos deberán levantar o acta do encontro, por duplicado, sen emendas nin rachaduras, cubrindo todos os datos que se solicitan e indicando o nome e dous apelidos dos deportistas. Será asinada por todos os xogadores e por ambos delegados. Esos datos serán os que se rexistren no XEFEGA.

7.2 O Club do equipo local cubrirá a acta electrónica do encontro no programa XEFEGA (Xestión de Competicións), no prazo establecido pola mesma; e deberá de confirmarse por parte do equipo visitante no mesmo prazo. De non facelo, o/s Club/s poderán ser sancionados conforme o apartado 7.6 deste artigo.

A FEGAXA poderá reclamar aos equipos participantes o envío do acta por correo electrónico, en caso de erro no rexistro na acta do XEFEGA, para consultar resultados dudosos ou de presentación dalgunha reclamación. O envio por correo electrónico (acta escanada ou fotografía) poderá ser válida, dentro dos prazos e normas establecidas pola FEGAXA. Cando no resultado dun encontro algún dos dous equipos non obtivera ningún punto, ambolos dous deberán remitir antes de 48 horas (por correo electrónico) o acta do encontro cuberta e asinada por todolos xogadores/as e os delegados.

7.5 O Club do equipo local ten obrigación de entregar un modelo oficial de acta do encontro coas firmas orixinais dos xogadores e de ambos delegados ao Club do equipo visitante.

7.6 O Club do equipo local que non cumprimente o acta dun encontro segundo o establecido no apartado 7.2 de este ártigo aterase ao seguinte:

a) A primeira vez que un Club incorra na non cumplimentación dun acta electrónica ou na confirmación da mesma por parte do equipo visitante, será falta leve e a sanción será amoestación por escrito, vía correo electrónico.
b) A segunda vez que un Club incorra na non cumplimentación dun acta electrónica ou na confirmación da mesma por parte do equipo visitante, será falta grave e a sanción será de 30 euros.
c) A terceira vez que un Club incorra na non cumplimentación dun acta electrónica ou na confirmación da mesma por parte do equipo visitante, será falta moi grave e a sanción será de 60 euros.
d) A cuarta vez que un Club incorra na non cumplimentación dun acta electrónica ou na confirmación da mesma por parte do equipo visitante, automaticamente; todos os seus equipos serán

eliminados da categoría e grupo nos que participen, perdendo todos os dereitos adquiridos e para ter dereito á inscrición de equipos na tempada seguinte abonará o triplo do importe especificado para equipos.

A FEGAXA poderá establecer a implantación dunha cantidade como fianza no período de inscrición dos equipos.

A cumplimentación do acta motivo de sanción así como o importe económico será efectuado nos tres días seguintes á notificación e de non facelo así se seguirá encrementando o número de faltas.

En caso de non conseguir todalas actas dun equipo eliminado da competición os seus resultados non se terán en conta, indistintamente da rolda na que fose eliminado.

XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
PRESIDENCIA